



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021 (SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN), EXPDTE. 2022/E001/000014

SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN. CUALIFICACIÓNS FINAIS. PERSOAS APROBADAS, LISTAS DE RESERVA

En Ordes, a 9 de abril de 2024, sendo as once horas reúnese na Sala de Xuntas, 3º andar, Casa Consistorial, Ordes, o Tribunal que ha de xulgar os **PROCESOS SELECTIVOS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL LABORAL CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2021 (SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN)**, convocado por resolución de alcaldía nº 1571/2022, de data 19 de decembro de 2022.

Asisten:

- . **Presidente:** Mónica Iglesias Prego, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **1º Vogal:** Javier Siro Suárez Rodríguez. Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.
- . **2º Vogal:** Andrés Luis Blanco Villares, Escala de Funcionarios de Administración Xeral. Subescala Técnica.
- . **3º Vogal:** María José Nartallo Penas, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional
- . **Secretario:** Juan Luis González Iglesias, Escala de Funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Pola Presidencia declárase constituído o Tribunal, dándose conta seguidamente das reclamacións/alegacións presentadas contra a baremación provisional da proba de coñecementos, da fase de oposición, no sistema de concurso-oposición:

* Reclamación presentada por **JAIME VEIGA NOYA**, con DNI nº ***1757**, con data 02/04/2024, rexistro de entrada nº 202499900000942. Pregunta 2. Resposta correcta letra B. Pregunta 5, resposta correcta letra C.

* Reclamación presentada por **RUBÉN GALLEGO FERNÁNDEZ**, con DNI nº ***8217**, con data 03/04/2024, rexistro de entrada nº 202499900000961. Pregunta 2. Resposta correcta letra B. Pregunta 5, respostas correctas letras B ou C. Pregunta 8. Resposta correcta letra C.

* Reclamación presentada por **JAVIER DOSIL CARPINTERO**, con DNI nº ***2284**, con data 03/04/2024, rexistro de entrada nº 202499900000962. Pregunta 2. Resposta correcta letra B. Pregunta 8. Resposta correcta letra C.

* Reclamación presentada por **NATALIA RAÑA FUENTES**, con DNI nº ***1108**, con data 05/04/2024, rexistros de entrada nº 202499900001003 e nº 202499900001003. Pregunta 2. Resposta correcta letra B. Pregunta 5, resposta correcta letra C.

Vistas as reclamacións presentadas, o enunciado das preguntas e as súas posibles respostas, o Tribunal acorda:



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

- **Pregunta nº 2.** Cando a persoa non responde e NON respira normalmente, neste caso o que debe realizarse é unha chamada de emerxencia, realizar compresións torácicas e ventilacións en secuencia 30.2. Cando a persoa respira normalmente procede á colocación en posición lateral de seguridade. O enunciado da pregunta xera confusión en relación coa respiración da persoa dando lugar a confusión á hora da elección da posible resposta correcta. Procédese á súa anulación e substitución pola primeira pregunta de reserva.

- **Pregunta nº 5.** Resposta correcta letra **a)**. A manobra fronte-mentón é unha técnica básica para abrir a vía aérea dunha persoa que non respira ou ten dificultade para facelo. Consiste en inclinar a cabeza cara atrás e elevar a mandíbula cara arriba e cara adiante, de forma que se evite que a lingua obstrúa o paso do aire. Esta manobra é moi útil en casos de parada cardiorrespiratoria, asfixia ou afogamento, xa que permite realizar a ventilación boca a boca ou a reanimación cardiopulmonar (RCP).

A comprobación se a vítima respira con normalidade faise a través da vista, oído e o tacto, acercando a meixela ou o dorso da man á boca-nariz da vítima ou observando se hai movementos no peito. Se como resultado desta comprobación a vítima non respira ou ten dificultade para facelo é necesario realizar a técnica de manobra fronte-mentón.

- **Pregunta nº 8.** Resposta correcta letra **a)**. Na RCP as insuflacións (respiracións) de rescate tamén son aplicables a un lactante en situación de emerxencia sen ter en conta a idade ou o seu tamaño corporal. Permiten identificar se un neno está en situación de parada cardiorrespiratoria e realizar unha substitución das funcións respiratoria e circulatoria, sen ningún equipamento específico, ata que a vítima poida recibir un tratamento máis cualificado. Segundo os manuais de medicina os protocolos de reanimación pediátrica son diferentes para nenos e lactantes. A relación compresións:ventilacións recomendada para persoal sanitario/socorristas en lactantes e nenos de calquera idade é de 15:2.

Seguidamente procédese á revisión da baremación provisional e determinación das cualificacións definitivas desta proba de coñecementos dos aspirantes que concorren a esta fase desta convocatoria, que son as seguintes:

Cualificacións definitivas Proba de coñecementos

APELIDOS E NOME	DNI	PREGUNTAS ACERTADAS	NOTA FINAL
DOSIL CARPINTERO, JAVIER	***2284**	19,00	9,50
FERNANDEZ CANDAL, LUCIA	***3604**	10,00	5,00
GALLEGO FERNANDEZ, RUBÉN	***8217**	18,00	9,00
RAÑA FUENTES, NATALIA	***1108**	14,00	7,00
VEIGA NOYA, JAIME	***1757**	16,00	8,00

Seguidamente polo Tribunal pásase á determinación das cualificacións finais do proceso selectivo e determinación da orde de prelación das persoas aspirantes que se propoñen ao órgano de selección para a súa declaración de superación deste (aprobados), así como as persoas aspirantes que integrarán a listaxe de reserva, que se efectuará de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de concurso-oposición, que é a seguinte:



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

Cualificacións finais:

APELIDOS E NOME	DNI	AVALIACIÓN DE MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL FASE DE CONCURSO PONDERADA (40%)	PROBA DE COÑECEMENTOS	PUNTUACIÓN TOTAL FASE DE OPOSICIÓN PONDERADA (60%)	PUNTUACIÓN TOTAL
DOSIL CARPINTERO, JAVIER	***2284**	30,10	1,20	9,50	5,70	6,90
GALLEGO FERNANDEZ, RUBÉN	***8217**	26,25	1,05	9,00	5,40	6,45
VEIGA NOYA, JAIME	***1757**	15,54	0,62	8,00	4,80	5,42
RAÑA FUENTES, NATALIA	***1108**	21,58	0,86	7,00	4,20	5,06
FERNANDEZ CANDAL, LUCIA	***3604**	31,75	1,27	5,00	3,00	4,27

Proposta de aprobados:

APELIDOS E NOME	DNI
DOSIL CARPINTERO, JAVIER	***2284**
GALLEGO FERNANDEZ, RUBÉN	***8217**
VEIGA NOYA, JAIME	***1757**

Listaxe de reserva:

APELIDOS E NOME	DNI
RAÑA FUENTES, NATALIA	***1108**
FERNANDEZ CANDAL, LUCIA	***3604**

Polo tribunal acórdase publicar as cualificacións finais dos aspirantes, proposta de aprobados e listaxe de reserva do proceso selectivo na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

RECURSOS: Contra os acordos anteriores do Tribunal de Selección, poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos arts. 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación deste acordo.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado o acto, dispoñendo a Presidencia que se redacte a presente acta. Sendo as once horas e quince minutos do día ao principio sinalado.

A Presidenta
Mónica Iglesias Prego
(asinado dixitalmente)

O Secretario
Juan Luis González Iglesias